
Os topónimos *Acea de Ama* e *O Xurés*

Gonzalo Navaza
Universidade de Vigo

Resumo:

Este artigo ocúpase da historia e o significado de dous nomes de lugar galegos: *Acea de Ama* e *O Xurés*. O primeiro, denominación dunha localidade dos arredores da Coruña, é un topónimo composto do arabismo *aceá* ‘muíño’, a preposición *de* e o hidrónimo prerromano *AMA*, que é o antigo nome da Ría do Burgo. O arabismo *aceá*, que perdeu a consoante nasal etimolóxica, proporciona interesante información acerca dalgúns cambios fonéticos na historia do galego e a súa cronoloxía.

Tanto o nome galego (*O Xurés*) coma o portugués (*Gerês*) dos coñecidos montes da raia seca proceden doutro hidrónimo prelatino que identificamos cos *Originis*, *Oregines* e *Ocerensis* rexistrados no *Itinerarium Antonini* e no mapa chamado do Ravenate, formas latinizadas ou deturpadas dun **UGERENSE* ou **UGERENSE* orixinario.

Palabras chave:

Toponimia galega. Hidronimia galega. Hidronimia prerromana. Arabismos.

Abstract:

This paper studies the history and the meaning of two Galician placenames: Acea de Ama e O Xurés. The first one, the name of a little village near A Coruña, is a composed toponym containing the arabism acea ‘mill’, the preposition de and a pre-latin hydronym AMA, which is the ancient name of the Ría do Burgo. The arabism acea, which lost the etymological nasal consonant, provides interesting information about some phonetical changes in the history of Galician language and its cronology.

*Both the Galician and Portuguese names of the well known mountains in the Portuguese frontier called O Xurés (O Gerês) come from another pre-latin hydronym which we identify with the words Originis, Oregines and Ocerensis (written in the Itinerarium Antonini and in the map called Ravenate), latinisated or mistaken forms of an original *UGERENSE.*

Key words:

Galician toponymics. Galician hydronymics. Pre-latin hydronymics. Arabisms.

1. Acea de Ama

1.1. Tradición escrita e interpretacións etimolóxicas do topónimo

Durante boa parte do século XX, *Haciadama* foi a forma escrita oficial do nome dunha entidade de poboación próxima á cidade da Coruña, pertencente na actualidade ás parroquias do Burgo e de Rutis no concello de Culleredo. Madoz e outras fontes do XIX rexistraban habitualmente este topónimo como *Aciadama*, mais no século XX (polo menos desde o Nomenclátor de 1910) fixouse como oficial a forma con *h-* inicial, que se mantivo vixente durante máis de setenta anos nos escritos públicos e na rotulación viaria. Tal grafía obedecía seguramente a unha etimoloxía popular que vía no topónimo un composto da preposición castelá *hacia* (< lat. FACIE AD ‘cara a’) e o substantivo común feminino *dama*. Nas etimoloxías populares dos topónimos, coma as que recolleu Xosé María Álvarez Blázquez (Baión, 1976) e outras moitas que seguen vivas na tradición oral á espera dunha recolleita sistemática, non é insólita a pretensión de explicar os nomes galegos a partir da lingua castelá. Neste caso a interpretación do topónimo como “Hacia+dama” puido vir reforzada pola proximidade do lugar chamado *Ombre*, que tamén viña escribíndose habitualmente con *h-* desde tempo atrás¹ e que moveu a fantasía das xentes a entender a parella de *Haciadama* e *Hombre* como dous topónimos dialogantes ou replicantes.

Durante o longo período da súa vixencia como forma oficial, a grafía *Haciadama* suscitou a curiosidade e os comentarios de xornalistas e eruditos. Eugenio Carré Aldao, na *Geografía general del Reino de Galicia* dirixida por Carreras Candi, desacreditaba o *h-* do topónimo identificando fundadamente o seu primeiro elemento co substantivo común galego *aceá* ‘muíño’, e suxería a posibilidade de que o segundo elemento fose o adxectivo correspondente ao latín MALA:

Acea da Má (Aceña de la Mala), que en parte es del Burgo y en parte de Rutis y que en la rídícula toponimia oficial se convirtió en *Haciadama* [...] *Máa* es final de muchos nombres toponímicos. No sabemos qué significará en ellos. En gallego equivale a *mala* (Carré 1980: 757 e nota 585).

¹ Xa se rexistra coa grafía *Hombre* no documento de 1435 que citamos máis adiante. No século XIX *Acea de Ama* e *Ombre* pertencían á mesma parroquia de Almeiras, segundo consta en Madoz (1845). O topónimo *Ombre* repítese varias veces na xeografía galega. Carré Aldao combateu a opinión que identificaba co castelán *hombre* o nome da parroquia de Ombre, en Pontedeume, e defendeu unha etimoloxía vasco-céltica (Carré 1980: 757), rexeitada por Moralejo Lasso, quen tampouco aceptaba a hipótese de Luís Monteagudo segundo a cal *Ombre* sería deturpación castelanizante dun hidrónimo prelatino *Ome* (Moralejo 1977: 325 e 83). Isidoro Millán explica o *Ombre* eumés como composto céltico en *-bre* (<-BRIG) a partir do radical hidronímico prelatino *UM- (Millán 1987: 141-142). Máis recentemente, Edelmiro Bascuas defende para algúns *Ombre* galegos e portugueses este mesmo radical, mais cun segundo elemento diferente, a partir dun étimo *UMERI con *b* epentético, como en *Tambre* < TAMARE. Non sería esta, así e todo, a orixe dos *Ombre* de Pontedeume e do Pino, para os cales a documentación medieval obriga a considerar un étimo ANOBRE, formado co mesmo segundo elemento defendido por Millán xunto co radical hidronímico prelatino ANA- (Bascuas 2002: 235-236).

Na década de 1970, Abelardo Moralejo Laso retomaba a explicación de Carré Aldao e aceptábaa nos seus dous termos, confirmando o primeiro cun documento de Sobrado de finais do século XII onde se fai referencia a unhas aceas construídas nese lugar ou nas súas inmediacións por homes do mosteiro:

Un caso curioso de topónimo desfigurado y contestado por razón de su *h* inicial y otras razones es *Haciadama*, nombre de una aldea entre El Burgo y Rutis en Culleredo (Coruña), que fue anteriormente *Acea da Má* (o *Máa*) “Aceña de la Mala”, según la *Geografía*, Coruña, I, pág. 757, y cuyo origen atestigua una cita documental de A. del Castillo, *Notas a la hist. antig. de La Coruña*, 1948, pág. 48, «illas *zenias* quas fecistis iuxta Burgum de Faro in rivulum qui discurrit iuxta Villam Bonam (hoy Vilaboa)» (a. 1186). *Acea* es común en gallego y aparece como topónimo una docena de veces, alguna en plural, en Coruña, Lugo y Orense, aunque no es normal su evolución desde el árabe *as-saniya* por la pérdida de *n* ante *yod*. Tal vez por eso no figura en la *Toponimia árabe de España*, de Asín Palacios, figurando en cambio *Aceña* o *Aceñas* en Lugo, Orense y Pontevedra, aparte algunas otras provincias. En el topónimo, actualmente disfrazado con la *h* y la grafía como un solo vocablo, ha habido además reducción de una sílaba por reducción del hiato a dip-tongo, y de la doble acentuación a única, que si no ha variado debe ser aguda. Pero habrá que atenerse a la pronunciación de la gente del lugar (Moralejo 1977: 325-326, nota 29).

A atención concedida por Moralejo a este topónimo, difundida nas aulas, as conferencias ou os xornais polos lectores de *Toponimia gallega y leonesa*, avivou a finais desa década as protestas contra a forma deturpada, con frecuencia acompañadas da defensa da proposta etimolóxica de Carré Aldao, *Acea da Má*, agora aparentemente corfirmada polo catedrático compostelán. Na páxina de cultura de *La Voz de Galicia* do 6 de maio de 1979 salientábanse as formas “Haciadama” e “Niño de la Guía” (esta por *Niñodaguia*) como casos “de barbarie maior cometidos contra a nosa cultura en xeral e coa nosa toponimia en particular”², e propugnábase para a primeira, mediante unha explícita fotografía do rótulo de *Haciadama* riscado e corrixido, a grafía *Acea da Dama*. Esta nova hipótese, foneticamente verosímil (por haplloxía das sílabas *da-da*) pero igualmente carente de fundamento documental, seguía a recomendación de Moralejo de aterse á pronuncia local, xa que a realidade oral do topónimo supoñía un grave atranco para a defensa da forma oxítóna. Non o viron así outros estudiosos, como González Garcés, que, se ben concordaba coa consideración de *Haciadama* como “aberrante e insultante”, non admitía a proposta de *Acea da Dama* e seguía mantendo a hipótese de Carré Aldao, supostamente confirmada por Moralejo, *Acea da Má* (González Garcés 1987: 149).

² Non indaguei a identidade dos dous responsables da páxina, cualificados de “lusistas distinguidos” por González Garcés (1987: 149), de quen tomo a referencia.

Na década de 1980 o concello de Culleredo acometeu a normalización da súa toponimia e no nome de *Haciadama* procedeu a emendar as dúas chatas que segundo Moralejo disfrazaban o topónimo (o *h* e a grafía como un só vocábulo), optando pola proposta de Carré. Deste xeito a modificación para *Acea da Ma* ou *Acea da Má*, que non é só gráfica senón que contén un desllocamento da tonicidade, acabou incorporándose ao nomenclátor oficial da provincia da Coruña na edición de 1986 e continuou vixente durante tres lustros. Esa era a forma que ata hai pouco empregaban os medios de comunicación para se referiren ao lugar, e facíanlo con frecuencia debido ás instalacións que ten alí o Deportivo da Coruña.

Que semellante alteración do nome oficial dunha localidade non tivese ningún tipo de contestación pode entenderse polas condicións poboacionais desa localidade, que soporta a presión demográfica expansiva da cidade da Coruña, de xeito que a poboación autóctona é proporcionalmente pouco significativa. E non só nas últimas décadas. Hai máis de século e medio, o dicionario de Pascual Madoz, entre a sucinta información que daba sobre o concello daquela chamado de Alvedro, salientaba a existencia de segundas residencias de coruñeses. Na entrada correspondente á parroquia de Almeiras, tras enumerar as entidades de poboación que a integran (“Aciadama, Almeiras, Alvedro, cap. del ayunt., Hombre, Marisqueira, Telba y Vigo-Vidin”) engade que tiña “80 casas, varias de recreo, en las que habitan por temporada algunos vecinos de la Coruña”. Haberá que atribuír a estas condicións o insólito triunfo da forma inventada polos etimoloxistas, que, de prosperar, engadiría un exemplo toponímico aos casos de palabras radicalmente alteradas por causa dun erro da etimoloxía erudita³.

No ano 2000, a Xunta de Galicia, seguindo o ditame da Comisión de Toponimia apoiado en fontes documentais, estableceu como oficial a grafía de *Acea de Ama*, e con esta grafía figura no *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*, publicado pola Xunta no ano 2003.

1.2. Aceas e muíños

A voz *aceas*, que ten como étimo remoto o árabe *a-sāniya* ‘roda hidráulica’, constitúe un exemplo de arabismo con presenza garantida na nosa lingua desde o período protorromance. Recóllela a maior parte dos dicionarios do galego moderno,

³ Dadas as circunstancias que vive o noso país no momento de redactar estas liñas, vén ao caso lembrar como exemplo de alteración provocada por un erro etimolóxico erudito o da familia léxica derivada do latín *PRESTIGIUM*. Cando na Francia do XVIII o común *prestige* foi perdendo o seu significado etimolóxico e panrománico de ‘ilusión, xogo de mans, engano’ para adquirir o de ‘creto ou reputación positiva’, o seu parente léxico *prestigiateur* foi interpretado erradamente polos etimoloxistas como un composto de *preste* ‘rápido’ e *digitu* ‘dedo’, e dese erro naceu *prestidigitateur*, logo adoptado e adaptado por outras linguas.

onde se rexistran tres acepcións diferentes: unha máis xenérica, como sinónimo de muíño (ou propiamente de muíño hidráulico); outra máis específica, que distingue as aceas dos muíños hidráulicos en razón da roda vertical das primeiras, e unha terceira restrinxida, que dá o nome de *aceá* a esa roda vertical. A máis antiga fonte lexicográfica galega que recolle esta voz son as papeletas de Sobreira, onde figura coa segunda destas acepcións:

ACÉA. S.f. Especie de molino a cuya rueda mueve la corriente del agua estando perpendicular = Aceña. *Lat.* Moletrina aquaria. *Arab.* Cinia. (Santamarina 2001 [Sobreira 1787]: s.v.)⁴.

Asígnalle ese mesmo significado o primeiro dicionario da Real Academia Galega (1913-28), que explica as diferenzas:

La aceña y el molino ordinario se diferencian, en que aquella, es movida por una gran rueda colocada verticalmente, sobre cuyas paletas obra el agua al caer, y el molino se mueve por medio del rodicio (rodeznó).

Seguen este modelo Carré Alvarellos (1928-31) e Eladio Rodríguez (1958-61). Carré Alvarellos engade ademais a terceira das acepcións mencionadas:

ACEA s. f. Aceña, molino harinero que mueve el agua por medio de una gran rueda colocada verticalmente. Esta misma rueda (Santamarina 2001 [Carré 1974]: s.v.).

Outros dicionarios, probablemente máis fieis ao significado que adoita presentar o vocábulo *aceá* na fala, non distinguen nidiamente entre esta e o muíño hidráulico común. O de Francisco Xavier Rodríguez (1863), ademais de deixar constancia do uso toponímico do termo, facía estribar a oposición entre a *aceá* e o muíño nunha vaga diferenza de “aguante”:

Acea. 1. Aceña, especie de molino de más aguante que los comunes. 2. Hay varios lugares con este nombre, supongo por haber o haber habido junto á ellos, aceas (Santamarina 2001 [Rodríguez 1863]: s.v.).

Outras fontes establecen novas oposicións, ás veces diverxentes segundo as áreas xeográficas. Así, en *Frampas III*, Elixio Rivas recolle:

Acea. s. f. Molino que tiene cubo; el pequeño, sin cubo, es albeiro. Cabreiros de Xermade, Lu. En Vilaseco de Cea, Our.: *aceá*, muíño de rodicio horizon-

⁴ As referencias dos dicionarios galegos, desde Sobreira e Francisco Xavier Rodríguez ata o *Frampas III* de Elixio Rivas, tómoas do *Diccionario de Diccionarios* (Santamarina 2001). Do de Leandro Carré reproduce a 4ª edición, de 1972 (A Coruña: Moret).

tal, tamén dito *bruia*. En Barxamaior do Cebreiro, Lu.: *aceña* é un muín onde pineiran; os que non pineiran son *muíños*. En Noceda do Courel: *aceña*, molino. Hai eilí unha nesa corrente que eínda moe (Santamarina 2001 [Rivas 2001]: s.v.).

En portugués, malia a pretensión de eruditos e lexicógrafos de precisaren as diferenzas, *azenha* tamén pasou a adquirir o significado xenérico, equivalente a *moinho*. No século XVIII explicaba Viterbo que a *azenha*

difere do moinho: este tem rodízio e anda com água do rio, e aquela tem roda pela parte de fora, e anda com água de ribeiro que, caíndo d’alto na roda, lhe dá o impulso. Ficou-nos este nome dos Árabes, que chamam *assanha* ao moinho d’água, que serve para trigo. E nós hoje, ampliando a sua significação, chamamos *azenhas* não só as que moem o pão mas também as que pisam a azeitona. [...]

[...] nos princípios da nossa monarquia (quando os *moinhos de azas* ou de vento, apenas inventados, se não praticavam ainda em Portugal), *azenha* e moinho eram sinónimos, prescindindo do diverso artefacto com que uns e outros eram construídos (Viterbo 1993, s.v. *azena* [sic]).

Se o desenvolvemento dos muíños eólicos restituíu para *azenha* o seu significado de “moinho que anda com água”, o mesmo volveu suceder en datas máis recentes, coa aplicación de novas enerxías como a eléctrica. Deste xeito restableceuse a diferenza entre *moinho* e *azenha*, especificando para esta a condición hidráulica:

azenha s.f. moinho de rodízio movido a água (Do ár. *as-sániâ*, ‘nora; roda de irrigação’) (Porto Editora 2002: s.v.).

Azenha. s.f. (998 cf. JM³) moinho movido a água. ETIM ár. *as-s,niya* ‘roda de irrigação’; no port.ant., var. *acenha*; f.hist. 998 *azenia*, 1365 *zenha*, sXIV *azenha*, 1440 *azenhar* (Houaiss 2001: s.v.).

En castelán, o dicionario da Academia asígnalle ao substantivo *aceña* unha primeira acepción co significado de “Molino harinero de agua situado dentro del cauce de un río” e unha segunda como sinónimo de *azud*, isto é, roda hidráulica (DRAE, s.v. *aceña*). O catalán *sínia*, *sénia* e o aragonés *cenia* non teñen o significado de ‘muíño’, senón exclusivamente o de ‘noria’, mentres que en éuscara se rexistra *azenia* como nome do rodicio ou roda inferior dun muíño hidráulico (Corominas DCECH, s.v. *aceña*).

Nas fontes consultadas non rexistramos para o portugués *azenha* o significado restrinxido de roda hidráulica, mais é de crer que tamén existiu esa acepción etimolóxica, dada a presenza que ten noutras áreas peninsulares. En galego, como se viu, só a rexistra o dicionario de Leandro Carré Alvarelos. Podería pensarse que Carré

o toma dalgunha fonte castelá. Na documentación galega antiga a voz correspondente ao actual *acea* adoita designar sempre un muíño, polo que cabe supor que, malia o exposto por lexicógrafos e eruditos, puido dárselle ese nome a calquera muíño hidráulico, independentemente, como en portugués, “do diverso artefacto com que uns e outros eram construídos”. Só encontramos en galego unha única referencia a unha *acea do muíño*, que talvez aluda á roda. É un documento de Allariz do século XIV:

pela mea **da azea do moyño** et pelas meas das casas en qu eu morava [...] as quaes Azea et casas et Leyras fforon da dita Mna Eans mia moller (Díez Sanjurjo 1906: 95).

1.3. Cronoloxía da palabra e da cousa

Aínda que os muíños movidos por enerxía hidráulica xa eran coñecidos en Roma, a xeneralización do seu uso na maior parte da Península constitúe unha innovación medieval difundida desde al-Andalus, e co seu espallamento difundíuse tamén a voz arábica que os designaba. No territorio galego, arredor do ano 1000 o cereal mófase habitualmente co muíño “de una sola muela accionado por enerxía humana o animal”, segundo Carlos Baliñas Pérez, quen afirma que ese debe ser o significado que ten na maior parte dos casos o *molinum* ou *molendinum* dos documentos galegos anteriores a esa data (Baliñas 1998: 121). Con posterioridade, *muíño* acabaría por ser denominación xenérica de todo tipo de muíños, incluídos os hidráulicos, pois a medida que estes se foron facendo comúns tamén foi facéndose innecesaria a precisión semántica que levaba a denominalos cunha palabra distinta da usada para designar os primitivos muíños manuais.

González Garcés, a propósito do citado documento de 1186 que fai referencia ás aceas (“illas zenias”) construídas polo mosteiro de Sobrado nas Mariñas dos Freires “iuxta Burgum de Faro in rivulum qui discurrit iuxta Villam Bonam”, cualifica os muíños hidráulicos de “maquinaria adelantada para su tiempo” (González Garcés 1987: 149 e 463-464). Por máis que estes enxeños non coñecesen aínda a difusión que logo habían de ter, non podemos admitir a afirmación do erudito coruñés. A propia existencia do nome galego *acea* é sinal de que non eran unha novidade nesa época de finais do século XII, cando a caída do -N- intervocálico en galego estaba máis ca consumada, senón que debían levar tempo entre nós, aínda que non fose dun xeito xeneralizado. Segundo Carlos Baliñas:

desde finales del siglo IX se documentan entre las pertenencias de la *villa* auténticos molinos fluviales, fuente de extensos rendimientos económicos para los grandes propietarios señoriales, que son casi los únicos que pueden realizar las inversiones necesarias para su construcción (Baliñas 1998: 121).

Cerca dun cuarto de milenio antes da referencia ás aceas do mosteiro de Sobrado na coruñesa ría do Burgo, entre as propiedades dunha doazón ao mosteiro de Celanova figura un muíño localizado “in suburbio Colimbrae” no ano 950:

medietatem de villa Anzana integra, ipsa medietas cum suo molino, qui annis singulis exsolvet molinus ipse frumenti modios XL, hordei similiter XL, simulque milio modios XL qui sub uno sunt modii numero centum XX (Andrade 1995: I, 27).

Un muíño que moe anualmente unhas 30 toneladas de cereal⁵ ten que ser un muíño hidráulico. Se o mosteiro de Celanova no ano 950 era propietario de polo menos un deses artefactos, é doado supor que contribuiría á construción de muíños semellantes (ben de roda vertical, ben de rodicio interno) en terras da súa propiedade situadas moito máis ao norte, isto é, no territorio galego actual.

Noutro documento celanovense datado dúas décadas antes (ano 932), entre unhas propiedades adquiridas polo mosteiro cerca do Sil, en terra de Quiroga, lemos:

aquas cursiles vel incurbiles secundum in alias cartas vestras delimitant de Sancto Petro usque in Ranarios, et usque in Ganderas, cum omnes suos exitus, sua roboreda et sua salta de terminos de Miron usque in carrale antiqua, sive et suas pescarias in ipso flumine, et suos sessos de molinos in ipso arroyo qui discurrit de ipsa villa (Andrade 1995: I, 231).

Eses muíños situados nun curso fluvial han de ser por forza muíños hidráulicos, talvez construídos a imitación dos modelos máis meridionais.

Coa chegada do obxecto debeu chegar tamén a súa denominación, de xeito que a forma galega *acea* sería un dos primeiros arabismos asumidos polo léxico do noroeste. A data da súa incorporación pódese relacionar con acontecementos históricos como a toma de Coimbra (c. 878) por Mendo Guterres (Hermenegildus Goterici), onde teñen orixe algunhas das propiedades de Celanova en terras do Mondego, e cos movementos demográficos desa época en que se produce a inflexión definitiva da transición entre o latín e o romance, estudada por Amable Veiga (Veiga Arias 1983), unha época durante a cal se asentan no noroeste peninsular importantes grupos de cristiáns procedentes do sur islamizado, chegados das rexións de Toledo (top. Toldaos), de Coimbra (top. Cumbraos, Cumbráns), de Viseu (top. Bixueses < VISEUENSES?)... Poderíamos datar a chegada ao noso territorio das *aceas* e da palabra que as designa entre finais do século VIII e o primeiro tercio do século X.

⁵ O dicionario de Eladio Rodríguez atribúe ao *moio*, no seu uso como medida para cereais, o valor de doce ferrados (“en algunhas comarcas gallegas”). Segundo Leandro Carré, o ferrado de millo tiña 20,87 litros.

1.4. *Aceas e aceñas*

A variante *aceña* non figura nos dicionarios galegos, non sendo nos máis recentes, seguramente pola súa coincidencia co castelán, que levou a interpretala como forma allea á nosa lingua. A presenza de *aceña* na toponimia galega tamén é significativamente menor, e fronte á ducia de exemplos que Moralejo sinalaba para *aceá* (localizados nos concellos de Castro de Rei –onde se rexistran tres–, Allariz, Baños de Molgas, Betanzos, Cedeira, Culleredo, Monfero, Muros, Ortigueira e Sobrado, aos cales debemos engadir *Veiga da Acea* en Castro de Rei e *A Graña da Acea* en Monfero, ademais dun topónimo urbano *Acea de Olga*, en Lugo⁶), só se rexistran tres topónimos maiores coa forma *aceña*, un en singular, *A Aceña* (no concello lugués de Ribas de Sil) e os outros dous co plural *As Aceñas* (en Ribadeo e Vilanova de Arousa).

Aceña é un resultado regular en galego do árabe *a-sāniya* ‘muíño movido por enerxía hidráulica’, coincidente coas formas castelá e portuguesa e documentado en galego desde a Idade Media, concorrendo con *aceá*. En documentos anteriores ao século XIV o castelán rexistra por escrito, ademais da forma común *aceña*, *açēña*, unha variante con sonora na sibilante, *azeña*, e esa mesma vacilación existiu no galego medieval, como veremos, e persiste no portugués contemporáneo, onde, malia a defensa que algúns lexicógrafos como Cândido de Figueiredo fixeron da forma con xorda (Corominas DCECH: s.v. *aceña*), finalmente prevaleceu na lingua *padrão* a variante con sonora, *azenha*.

Na toponimia portuguesa é un tema moi abundante. No *Dicionário corográfico* de Frazão contamos máis de 70 localidades chamadas *Azenha* ou *Azenhas*, espalladas por todo o territorio, e un só exemplo con xorda, *Assenha*, no concello de Leiria (Frazão 1981: 65)⁷.

A vacilación da sibilante vémolada tamén en textos galegos de comezos do século XIII: “acenia”, “azenas e moynos”, “las azennas e hos moyños” (Lorenzo 1977: 878, s.v. *moyno*). En xeral predomina a grafía correspondente á sibilante sonora, o mesmo ca no latín *zenias* do documento do século XII citado por Moralejo.

⁶ Para este conviven as denominacións *Aceña de Olga* e *Acea de Olga*; se ben a preferida como forma oficial no ámbito municipal é a segunda, non posúo información suficiente que confirme que se trata dunha forma histórica ou se é, como sospeito, unha alteración de *Aceña de Olga*, erradamente interpretado como castelanismo o seu primeiro elemento. O segundo corresponde ao substantivo común galego *olga* (paralelo do cast. *huelga*), celtismo que o latín tardío rexistra como OLCA ‘terra de labor’.

⁷ Dada a tendencia uniformadora da toponimia oficial portuguesa, que nos topónimos transparentes tende a acomodar as grafías ás formas do *padrão*, independentemente das realizacións locais, cabe a posibilidade de que algunhas das *Azenhas* actuais correspondan a formas tradicionais con sibilante xorda (por exemplo, localizamos na Internet unha herdade chamada “da Assenha” en Santiago de Cacém). Ademais das formas mencionadas, existe un topónimo *Assanhas*, no concello de Celorico da Beira, mais non dispomos de información que permita confirmar a súa pertenza a este tema léxico.

Se *aceña* constitúe un resultado normal en galego do árabe *a-sāniya*, a forma *acea*, como advertía Moralejo, ofrece a aparente dificultade da perda da consoante nasal ante iode. Na lingua medieval, aínda cando o común nese contexto é a palatalización da consoante nasal, non son infrecuentes os casos en que se produce a súa perda, polo que *acea* sería un exemplo próximo aos medievais *comuion*, *testemoio* ~ *testemuio*, *soterraio*, etc., que convivían cos resultados con nasal palatal (*comuñón*, *testemuño*, *soterraño*...). Ferreiro suxire a posibilidade de que esa evolución diverxente se deba, nos casos de perda da nasal, a unha influencia erudita (Ferreiro 1995: 173). Se é así, habería que supor que a tendencia cultista operou só nun primeiro momento, en época temperá do período protorromance, e impediu nalgunhas voces a palatalización de n+iode, mais nun segundo momento, cando se produce a perda xeral do -N-, eses vellos cultismos pasarían a comportarse coma as voces patrimoniais que perden a nasal intervocálica.

Para a cronoloxía do fenómeno da caída de -N- en grupo con iode interesa saber que no campo da onomástica persoal encontramos unha evolución fonética paralela á de *acea* no nome feminino medieval *Ougea* < EUGENIA, precedente dos actuais *Uxia* e variantes. Se ben este nome de orixe grega xa tiña presenza nos repertorios cristiáns da Alta Idade Media, na onomástica peninsular divulgouse especialmente a partir do culto a Santa Ouxea (Sancta Eugenia Cordubense), mártir a mans de Abderramán III, coma o noso San Paio, e igual ca el canonizada e promovida como obxecto de devoción desde o mesmo século X.

Con todo, fronte á posibilidade de que a perda da nasal no grupo con iode sexa un fenómeno exclusivo de termos incorporados á lingua nese período (dos séculos VIII ao X) en que se divulgou no noroeste a forma *acea*, debemos considerar a existencia dalgúns hidrónimos galegos de orixe prelatina formados cun sufixo -ENIA (así os documentados en latín medieval como *Elenia* ou *Armenia*) que presentan hoxe formas sen consoante nasal palatal: *Ella*, *Armea*. Edelmiro Bascuas, que se ocupou destes hidrónimos (2002: 45 e 293), cre que a dupla evolución de -N- ante iode obedece a unha vacilación temperá na silabación: a secuencia vocálica ou ben é monosilábica (e hai, xa que logo, un iode que pode palatalizar a consoante nasal precedente) ou ben bisilábica (e entón hai un -N- intervocálico).

Ao contrario do que acontece con *aceña* (que se ben é resultado regular en galego tamén podería ser unha achega posterior, tomada dos romances veciños), a forma *acea*, coa síncope da consoante nasal, proba que o termo entrou no noroeste peninsular no período en que esa síncope era activa. Como é sabido, a caída de -L- e -N- orixinouse no territorio da antiga Gallaecia e desde aquí “propagou-se, com a Reconquista, ao Centro e Sul de Portugal, onde as referidas consoantes se conservavan” (Maia 1986: 568).

O portugués ten soamente as dúas variantes mencionadas (con xorda ou con sonora na sibilante, mais sempre con nasal palatal) e non coñece unha forma equivalente

do galego *acea* no léxico común, o que non significa que non a coñecese nalguna época da súa historia, polo menos en áreas miñotas e trasmontanas. David Lopes non inclúe ningún exemplo sen consoante nasal entre os descendentes toponímicos portugueses do étimo árabe que el translitera como *açania*, e rexistra unicamente casos de *azenha* (Lopes 1968: 38). Non podemos pronunciar sobre o nome da freguesía chamada *Azias*, no concello de Ponte da Barca (isto é, en territorio da Gallaecia) sen contar con documentación antiga que confirme o seu parentesco co galego *acea*. Menos probabilidade lle vemos a *Azia*⁸ (lugar do concello de Algezur, no Algarve), que parece corresponder ao rexistrado indistintamente como *Asaia* ou *Asia* no ano 1220, segundo vemos en Cortesão, quen recolle ademais outro topónimo *Assaiola* (ano 906, localización xeográfica non identificada) que semella un derivado diminutivo (Cortesão 1912: 34).

1.5. O hidrónimo *Ama*

O segundo elemento do noso topónimo non é o “da Má ou Múa” suxerido por Carré Aldao e comentado por Moralejo. A pronuncia local, que o profesor compostelán non chegou a verificar, nunca foi oxítone. Contén a preposición *de*, sen artigo, seguida dun elemento que a documentación antiga rexistra coa forma *Ama* e que interpretamos como un hidrónimo que daría nome ao curso de auga en que estaba construída a acea. González Garcés, comentando o citado documento de 1186 onde se fai mención das aceas de Sobrado, localízalas “en el riachuelo que va desde Vilaboa a la Ría del Burgo”. Cabería pensar que *Ama* era o nome primitivo dese “riachuelo”, pero polos testemuños antigos debemos considerar que *Ama* era o nome do que hoxe coñecemos como a Ría do Burgo, onde conflúen o río Mero e outros cursos de auga menores. O lugar do Burgo, que acabou impondo o seu nome á ría e condenou ao esquecemento a denominación máis antiga, aparece ocasionalmente na Idade Media como *Burgo de Ama*. De se conservar esta denominación, o topónimo *Acea de Ama* tamén estaría menos exposto ás deturpacións, pois, tal como explicaba Jud, a *metacedeuse* ou cambio de parentela é enfermidade propia dos elementos que quedan orfos de familia léxica.

No testamento de Afonso Fernández, *jurado da vila da Crunna*, datado en 1435 aparecen repetidamente estes topónimos:

Iten mando meu Casal de Vigo Vedin con suas casas e cortiña e con a viña da agra da Iglesia e con **outra viña de Ama** [...] e con metade do **Bacelar da Zeadama** como se de parte do rego de longo contra o camiño que bay para o **Burgo de Ama**... (González Garcés 1987: 615, doc. nº 63).

⁸ Estes topónimos figuran coas grafías *Asia* e *Asias*, respectivamente, no *Dicionário Corográfico de Frazão*. A grafías oficiais son hoxe *Azia* e *Azias*.

Neste texto, que contén a documentación máis antiga que coñecemos de *Acea de Ama*, o *a-* inicial de *azea* aparece deglutinado, interpretado como artigo, aínda que non puidemos comprobar se figura así no documento orixinal ou é unha segmentación do transcritor.

Ama é un topónimo de orixe prelatina formado sobre o coñecido radical hidronímico indoeuropeo *AM- ‘canle’ (Hoz 1963: 236). Elixio Rivas asocia a este radical topónimos como *Amaía*, *Amio* e *Ames*, e vincula atinadamente con eles o fitónimo *amieiro* / *ameneiro* “árbore amiga das correntes de auga” (Rivas 1994: 114 e 158). A documentación antiga obríganos a excluír desa familia hidronímica prerromana o nome do concello de *Ames*, a pesar de que a súa localización xeográfica leve a relacionalo co nome da comarca chamada *A Amaía* ou *A Maía*: rexístrase nos textos medievais como *Oiames*, *Oyames* e *Oames*. Semella igualmente un topónimo prerromano, pero non contén o mesmo radical *AM-. Nun documento de 1295 vemos xuntos *Ames* e *Amaía*: “friigesia de sam Thome d’Oyames en terra d’Ameya” (FDU: 18).

Edelmiro Bascuas inclúe o segundo elemento do topónimo *Acea de Ama* entre os parentes de *AM-, raíz que tamén estaría presente nos nomes do *amieiro* ou *ameneiro*. Para este autor, *Ama* constitúe a formación máis simple das que conteñen esta raíz hidronímica, e, se ben os derivados mediante sufixo que ofrece son relativamente abundantes (*Amio*, *Amaía* ou *A Maía*, o *Maia* portugués e o *Amaya* burgalés, *Meixe*, *Amoexa*, *Amoeiro*, *Amoedo*, *Molgas*, *Amoroce*, etc. ademais dos fitotopónimos relacionados co *amieiro*), da súa forma máis elemental só recolle o noso *Ama* e dúas atestacións medievais: un *Amo* en Curtis e un diminutivo *Amela* cerca de Sobrado, documentados nos séculos XII e XIII, respectivamente, e non identificados na actualidade (Bascuas 2002: 208-209).

Podemos engadir dous novos exemplos toponímicos co segundo elemento de *Acea de Ama*. O primeiro é un lugar da parroquia de Samieira, no concello pontevedrés de Poio, chamado Riodama (= Río de Ama), que toma o seu nome da corrente que o rega. Sarmiento rexistra este topónimo na súa viaxe de 1745: “Samieira. Río de Ama. Aren. Ragió. Priorato de Armenteira” (Pensado 1975: 58), e no *Catálogo de voces* explica: “El río de Samieira se llama de Ama” (Pensado 1973: 277). Luísa Blanco transcribo erradamente como “O río Dama” (1995: 77).

O segundo exemplo é un pequeno curso de auga chamado *Regueiro de Fontedama* en Meira (Moaña)⁹. Debemos analízalo como *Fonte de Ama*, cun primeiro elemento *fonte* que alude ao lugar onde nace o regueiro.

⁹ Entre as aldeas de Couso e O Pombal (folla 223-I do mapa IGN 1:25.000). Agradezo a localización exacta ao meu alumno Iván Sestay, que me proporcionou as coordenadas do topónimo: 42°18'0"N, 8°43'25"W.

O indoeuropeísta Francisco Villar, na súa descrición do sistema vocálico paleohispánico, inclúe os hidrónimos *amanus*, *amanum* xunto con *umanum* como exemplos do que el chama “terceira oscilación” (Villar 2000: 369-371). Se así fose, a raíz *AM- sería unha variante diverxente doutra raíz hidronímica *UM-, de recoñecida presenza na hidronimia galega (*Uma*, *Umia*, *Mao* < UMANO..., etc.).

1.6. O nexo preposicional ante hidrónimo

O único elemento do composto *Acea de Ama* que ten orixe latina é o nexo preposicional. De admitir a graffía actual do galego o emprego dos apóstrofos, unha forma escrita como *Acea d’Ama* reproduciría máis fielmente a pronuncia local dese nexos.

Nalgunhas fontes moi recentes úsase en lugar da preposición unha contracción desta co artigo feminino, *Acea da Ama* (por exemplo, na páxinas dedicadas ao concello de Culleredo na web da Deputación da Coruña¹⁰). Así mesmo, no documento coruñés de 1435 onde aparecen referencias a este topónimo, atopamos rexistrados, xunto con “Viña de Ama” e “Burgo de Ama”, outros exemplos en que o hidrónimo figura aparentemente con artigo feminino: “Riba a Ama”, “Riba da Ama” (Gonzalez Garcés 1987: 613). Igual que sucede con outros topónimos compostos en que o segundo elemento introducido pola preposición é un hidrónimo, a forma tradicional habitual é sempre sen artigo, aínda que en hidrónimos comezados por vogal haxa tendencia a deglutinala ao interpretala como artigo.

Os documentos antigos rexistran sempre os compostos sen artigo no hidrónimo, como segue a ser habitual en toda a toponimia galega: *Ribas de Sil*, *Parada de Sil*, *Barra de Miño*, *Castrelo de Miño*, *Salvaterra de Miño*, *Xinzo de Limia*, *Ribadelouro*, *Ribadetea*, *Ridadumia*, *Riba de Neira*, *Ribadavia*, *Santa Cristina de Asma*, *Antas de Ulla*, *Freáns de Deva*, *Xunqueira de Ambía*, *Santa María de Sar*, *Pazos de Arenteiro*, *Barxa de Lor*, *Santa Baía de Búbal*, *Couso de Salas*, etc., e o mesmo sucede noutros dominios lingüísticos peninsulares: *Miranda de Ebro*, *Aranda de Duero*, *Paredes de Coura*, *Ponte de Lima*...¹¹.

¹⁰ <http://www.dicoruna.es/municipios/Culleredo/geografia/localizacion/>

¹¹ Son excepción na toponimia portuguesa os nomes de *Valença do Minho* e *Miranda do Douro*, sen dúbida relativamente recentes, que aluden no segundo elemento non só ao río senón tamén á rexión ou territorio administrativo, dun xeito paralelo a outros topónimos como *Celorico da Beira*. O primeiro rexístrámolo na documentación máis antiga unicamente como *Valentia*, *Valencia* e *Valença*, sen segundo elemento; só a partir do século XVIII comeza a aparecer como “do Minho”. Na toponimia galega existen algúns casos semellantes en que o hidrónimo aparece sempre con artigo: *Grañas do Sor*, *Val do Dubra*, etc. Este último é invención moderna que substituíu o nome do concello chamado Buxán (Buján) no século XIX. Na toponimia portuguesa tamén se pode observar na actualidade certa tendencia a incorporar un artigo ao nome do río, como sucede en *Ponte de Lima*, que ocasionalmente vemos escrito como Ponte do Lima.

En *de Ama, de Avia*, etc., a vogal inicial dificulta a identificación do nexo, que pode ser interpretado polo escribán ou o paleógrafo como contracción da preposición co artigo. Fóra destes casos, na documentación antiga os nomes dos ríos por vía de regra non van precedidos de artigo.

Así mesmo, sintagmas comúns na lingua actual como “o Río Miño” ou “o Río Deza” (artigo + xenérico + hidrónimo) non son habituais na documentación medieval, que en contextos equivalentes emprega a preposición entre o xenérico e o hidrónimo:

*et en fondo fere eno **Rio de Auya*** (ano 1393, Ribadavia, 72)
*una pesquera q nos tenemos eno **rio de miño*** (ano 1451, Almeida, 84)
*Porto de Felgueyra, que he eno **rio de Miño*** (ano 1493, Devanceiros, 208)
*e vay por esa coredoira no **rio de Deua*** (ano 1343, Ramirás, 494)

Foi o uso dos sintagmas sen preposición (fórmula nova ou innovadora, talvez castelanizante ou polo menos favorecida pola coincidencia co castelán) o que posibilitou, por elisión do xenérico *rio*, denominacións como “o Miño”, “o Deza”, “o Ulla”, propias da lingua actual pero insólitas na toponimia, que é máis conservadora. Así e todo, a crenza de que as variantes con artigo son máis galegas levou en tempos recentes a empregar formas como *Parada do Sil*, *Salvaterra do Miño*, *Xinzo da Limia*, *Colexiata do Sar* ou *Terra do Deza* en lugar das tradicionais (e oficiais) *de Sil*, *de Miño*, *de Limia*, *de Sar*, *de Deza*. Vemos a continuación algúns exemplos da lingua medieval. Nótese que os topónimos actuais *Ribas de Miño* e *Ribas de Sil* tiñan antigamente en singular o primeiro elemento:

*autem decimas in Burgo **de Avia*** (ano 1197, Oseira I: 106)
*Migel Viviançe notario **de Deça*** (ano 1280, Oseira 2: 1094)
*en Bayona & no val **de Miñor*** (ano 1280, Maia: 187)
*a Junqueyra **de Limia*** (ano 1281, Maia: 133)
*moesteyro de Santesteyro de Riba **de Sil*** (ano 1288, Devanceiros: 43)
*notario jurado en Riva **de Mino*** (ano 1288, Oseira II: 1146)
*feleglesia de sancta Ougea **de Asma*** (ano 1290, Oseira II: 1157)
*do concello de Bayona **de Miñor*** (ano 1296, Maia: 206)
*en terra **de Deça*** (ano 1305, Oseira II, 1257)
*da friiGRESIA de santa Maria **de Sar*** (ano 1349, FDU: 209)
*Santa Christina de Vilarino de Riba **de Mino*** (ano 1356, Rocas: 202)
*que he em terra **de Deça*** (ano 1365, Devanceiros: 95)
*su o sino de Santa Cristina de Riba **de Miño*** (ano 1401, Espadanedo: 175)
*San Byeyto de Riba **de Miño*** (ano 1493, Devanceiros: 209)
*coto d’Abeleeda del Val **de Salas*** (ano 1516, FDU: 562)

2. O nome da Serra do Xurés / Gerês

2.1. Unha proposta arabista errada

No primeiro dos artigos titulados “O elemento árabe en galego” aparecidos nesta mesma revista, Xavier Frías Conde expón algunhas consideracións xerais sobre os arabismos na nosa lingua (Frías 2000: 157-171). Trátase dun campo insuficientemente atendido, como sinala o autor. Desde os escritos de Sarmiento, para quen a ausencia do estrato árabe era case axiomática e constituía o *mellor* trazo caracterizador do galego fronte ás linguas veciñas (Navaza 2003), os estudos sobre o tema adoitan repetir a constatación da presenza relativamente escasa dese estrato na nosa área lingüística, en comparación con outras áreas da Península, e reiteran o breve repertorio de exemplos desa presenza no léxico e na toponimia coa indicación de que os máis deles chegaron a través do castelán e o portugués. Como a tradición filolóxica galega non conta con arabistas propiamente ditos, o que sabemos da historia dos arabismos galegos tamén nos chega en boa parte dos estudos e dos dicionarios etimolóxicos españois e portugueses (Asín Palacios, David Lopes, Cunha Serra, Machado, Corominas...), que en xeral ignoran calquera especificidade galega nos arabismos.

Frías Conde enumera algúns principios metodolóxicos que deben observarse no estudo do estrato árabe da nosa lingua. Un deles lembra a necesidade de explicar os arabismos galegos, e os hispánicos en xeral, non a partir do árabe clásico senón do dialecto hispanoárabe denominado *andalusí*, de onde o tomarían os mozárabes ou *dialectos romandalusís*, e destes os romances do norte. O autor ilustra ese principio co topónimo galego *Xurés*, portugués *Gerês*, partindo da idea de que está emparentado co fitónimo *jara* e é “da mesma orixe que Jerez en castelán” (Frías 2000, 164).

Non se pode defender a explicación arabista para o topónimo *Xurés / Gerês*. En primeiro lugar, porque non dá conta do artigo masculino singular presente nas denominacións galega e portuguesa, contrario a unha explicación que parte dun feminino plural. En segundo lugar, porque ignora a documentación antiga do topónimo. Isto con independencia da vaguidade con que se identifica co “Jerez en castelán”, pois se ben o granadino *Jeres del Marquesado* (paroxítono) admitiría un étimo relacionado co arabismo *xara, jara*, este non ten ningunha relación co gaditano *Jerez de la Frontera* (oxítono e de étimo escuro e controvertido) nin co estremeño *Jerez de los Caballeros* (tamén oxítono) documentado en fontes árabes medievais como *Xerixa* (Nieto Ballester 1997, 203).

Por outra banda, non temos constancia da existencia na área do *Xurés/Gerês* dunha denominación paralela ao castelán *jara* para as especies que noutras áreas peninsulares reciben ese nome ou formas emparentadas, e que deixan abundante

pegada na toponimia. Nesa área concreta, para o *Cistus ladanifer* e especies semellantes só rexistramos na toponimia formas emparentadas co común *chaguazo* (cast. *jaguarzo*).

2.2. Documentación medieval do topónimo

Edelmiro Bascuas recolle as atestacións medievais do topónimo no Tombo de Celanova, que confirman que o artigo actual é deglutinación dunha vogal velar inicial (Bascuas 2002, 238 e ss.). Extracto as seguintes, todas do século XI:

inter alpes montes Ezebrario iunias **Augeres** et mons Cabello discurrere rivulo Psallare [‘río Salas’] (ano 1024)

territorio Psallare sub alpes **Ugeres** (ano 1074)

et iacet subtus monte **Ugeres** discurrere rivulo Salar (ano 1096)

iacet in rio Caldo subtus **Ogeres** [...]et feret in termino de Lovios (ano 1100)

O *a-* inicial do documento máis antigo debe entenderse como aglutinación da preposición locativa (lat. *ad*).

Á vista das formas medievais, Bascuas interpreta a forma orixinaria do topónimo como un híbrido **Ugerense*, con radical hidrónimo prerromano *UG^w- e dous sufixos, un tamén prerromano *-er-* e o latino correspondente a *-ENSIS*, ao tempo que demostra que a redución *-ENSE* > *-és* estaba xa consumada nas datas dos documentos de Celanova e varios séculos antes (Bascuas 2002: 239). Segundo este autor, outros hidrotopónimos emparentados con este radical serían *Ogos* (lugar na parroquia e concello de Lobios, na mesma área do topónimo que nos ocupa), *Ogas* (lugar da parroquia de Cambeda, concello de Vimianzo) e posiblemente os diferentes *Oia* e tamén *Ames* (documentado como *Oames*, *Oiames* na Idade Media, como vimos).

2.3. Documentación anterior

Séculos antes das máis antigas atestacións celanovenses aducidas por Bascuas xa encontramos este topónimo en tres fontes clásicas que este investigador omite mais que serven para confirmar a súa hipótese.

A primeira é o documento chamado Itinerario de Antonino ou *Itinerarium provinciarum Antonini Augusti*, datado no século III (c. ano 280). Consérvanse del uns 20 manuscritos antigos, en copias de diferentes épocas, que citan máis de trescentas vías romanas, trinta e catro delas en Hispania, das cales se sitúan tres na Gallaecia. Na vía XVIII, de Bracara a Asturica, lese (entre parénteses as variantes segundo distintos manuscritos):

Salaniana XXI

Aquis Oreginis (Aquis Originis) XXI (XVIII)

Aquis Querquennis (Aquis Querquennis / Quercennis) XIII

(*Itinerarium Antonini*, 427-428; en Romero 1988: 113).

A segunda fonte é o texto xeográfico coñecido como Ravenate ou Anónimo de Rávena, composto arredor do ano 670 sobre documentación anterior, dos séculos IV e V. Na enumeración das localidades próximas a Braga (“item in ipsa Spania iuxta civitatem quam praediximus Augustam Bracaria dicitur civitas”) aparecen as tres *mansiones* do Itinerario de Antonino con variantes gráficas:

Salaniana

Aquis Ocerensis

Aquis cercenis

(*Ravenate*, 320; en Romero 1988: 151).

A segunda *mansio* das mencionadas tamén figura no mapa coñecido como Peutinger Karte ou Tabula Peutingeriana, atribuída a Castorius. Consérvase en copia feita nos séculos XII ou XIII dun modelo do VII, que á súa vez reproducía un orixinal do IV. Neste mapa figura coa mesma forma ca no anónimo de Rávena:

Aquis Ocerensis (Romero 1988: 114 e 155).

Moitos estudiosos da vía XVIII identificaron a *Aquis Oreginis / Originis / Ocerensis* destes textos co lugar actual dos Baños de Río Caldo, no concello de Lobios, ao pé dos montes do Xurés. A identificación vén supostamente confirmada polos achados arqueolóxicos, o mesmo que sucede coa *mansio* contigua *Aquis Querquennis* en Porto Quintela, hoxe no encoro das Conchas, no veciño concello de Bande. Tanto se a localización da primitiva *mansio* romana é ese lugar galego como se é a veciña localidade portuguesa de Caldas do Gerês, parece obrigado identificar o *Ogeres* medieval (seguramente oxítono) cos *Originis*, *Oreginis*, *Ocerensis* dos textos antigos, e todos eles co actual nome de O Xurés / O Gerês.

Deste xeito, das tres variantes rexistradas nas fontes clásicas, a máis fiel á forma que perviviu é o *Ocerensis* do Ravenate e do mapa de Peutinger, se ben as tres presentan como xorda a consoante velar sonora que deu orixe á palatal inicial actual, logo da deglutinación da vocal precedente. Non son necesarios moitos coñecementos de paleografía latina para saber que un *C* e un *G* poden confundirse doadamente na transmisión manuscrita, especialmente tratándose de palabras ou topónimos de linguas bárbaras.

No texto do Itinerario de Antonino ou na súa transmisión escrita produciuse talvez unha contaminación coa familia léxica latina de *origo*, *-inis*. Acontece adoito en situacións de contacto de linguas: os topónimos exóticos tenden a acomodarse ás estruturas fonéticas, morfolóxicas e léxicas da lingua que os incorpora. Entre os textos clásicos ilustrativos das dificultades que os topónimos indíxenas dos confíns do Imperio ofrecían aos latinofalantes, e que nos ensinan a ollar con cautela a toponimia das fontes documentais romanas, hai un fragmento de Plinio o Vello que precisamente se refire á área do Xurés ou Gerês actual:

Simili modo Bracarum XXIII civitates capitum, ex quibus praeter CCLXXXV ipsos Bracaros Bibali, Coelerni, Callaeci, Equaesii, Limici, Querquerni citra fastidium nominentur.

(Plinio, *Natural Historia*, III, 28; Romero 1988: 65).

Entre as vinte e catro *civitates* do territorio dos Brácaros, que sumaban 285000 habitantes, Plinio fai constar unicamente sete cuxos nomes poden escribirse ou pronunciarse á latina sen moito problema (*citra fastidium nominentur*). Entre as deza-sete restantes, omitidas por causa dos nomes problemáticos, acharíase verosimilmente a mesma que serviu para denominar unha das *mansiones* do Itinerario de Antonino e un territorio tan extenso como o Xurés / Gerês actual.

En conclusión, as variantes *Aquis Originis*, *Oreginis* e *Ocerensis* dos clásicos constitúen deturpación de **Aquis Ogerensis*. A correspondente forma de acusativo singular, **Ogerense(m)* é case coincidente co **Ugerense* proposto por Bascuas como étimo das formas medievas *Ogeres*, *Ugeres* e as formas actuais. A diferenza da vogal velar inicial (u/o) é irrelevante para a súa deglutinación (medieval ou posterior) ao ser interpretada como artigo masculino, mais talvez non o sexa tanto á hora de sinalar para o étimo unha raíz hidronímica prerromana en U- cando as fontes latinas rexistran o-. En calquera caso, temos que aceptar que se trata dun topónimo prerromano, polo menos no seu radical. O sufixo podería ser efectivamente o latino -ENSE, como defende Bascuas. Elixio Rivas, non obstante, referíndose a topónimos ourensáns como *Brués*, *Palmés* ou *Bousés*, sostén a existencia dun sufixo indíxena foneticamente equivalente que supostamente se asimilou ao -ENSE latino (Rivas 1989: 110).

2.4. O Gerês e O Xurés

A evolución desde **Ogerense* ás denominacións actuais ofrece resultados regulares en todos os aspectos. O paso de -ENSE a -ES ten testemuños hispánicos que remontan ao século VI (Menéndez Pidal 1950: § 48). A palatalización e fricativización da consoante velar oclusiva ante vogal palatal é tamén regular, co resultado sonoro conservado en portugués e enordecido no galego. Tamén é máis conser-

vadora a forma portuguesa no relativo ao vocalismo, pois no galego operou unha disimilación da vogal pretónica.

Nas dúas variantes produciuse unha aférese ou deglutinación da vocal inicial interpretada como artigo. É este un fenómeno relativamente frecuente en galego e portugués, tanto na toponimia coma na lingua común (*o bispo* < *obispo* < EPISCOPU), e ten paralelos noutras áreas lingüísticas (cast. *atril* < LECTORILE, cat. *Igalada* < *L'Aigua Lada* < AQUA LATA). Na toponimia galega son abundantes os exemplos de deglutinación semellante. Por citar só topónimos ben coñecidos: A Baña (*Avania* na documentación antiga), O Incio (*Onitio*), Ríos (*Orreolos*) e a forma A Maía (*Amaea*). Con eles podemos contar os diferentes O Grove (*Ocobre*) da xeografía galega e portuguesa¹², onde tamén houbo interpretación da vogal inicial como artigo singular. Un exemplo do plural son os ourensáns As Maos / As Maus e o portugués Mãos (concello de Ponte de Lima), que son topónimos medievais que conteñen un xentilicio (*Asmanos*) derivado do hidrónimo Asma, por alusión a colonos medievais procedentes da comarca de Chantada.

Referencias bibliográficas

- Asín Palacios, M. (1940): *Contribución a la toponimia árabe de España* (Madrid: CSIC).
- Baión, C. de (1976) [pseudónimo de X. M^a Álvarez Blázquez]: *Os nomes da terra recollidos do pobo* (Vigo: Castrelos).
- Baliñas Pérez, C. (1998): *Gallegos del año mil* (A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza).
- Bascuas, E. (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 45 de *Verba* (Santiago: Universidade de Santiago de Compostela).
- Blanco, L. (1995): *Estudio de toponimia menor en la parroquia de Santa María de Samieira (Poyo - Pontevedra)* (Pontevedra: Diputación Provincial).
- Carré Aldao, E. (1980) [reimp. facs. da ed. de 1936]: *La Coruña*, 2 vols., en Carreras Candi, F. (1928-1936): *Geografía general del Reino de Galicia* (A Coruña: Ediciones Gallegas).
- Corominas DCECH = Corominas, J. / Pascual, J. A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* (Madrid: Gredos).

¹² Por exemplo a localidade portuguesa do Grove (Fontoura, Valença). Figura sen artigo no *Dicionário Corográfico de Portugal* de Frazão. Nos países de lingua portuguesa tradicionalmente non se rexistra o artigo dos topónimos na rotulación viaria e nos nomenclatores, de xeito que de non coñecer os lugares, un non sabería que teñen artigo Porto, Estoril, Caldas da Rainha, Rio de Janeiro, Recife ou Bahía.

- Cortese, A. (1912): *Onomástico Medieval Portugués* (Lisboa: Imprensa Nacional).
- DRAE = Real Academia Española, *Diccionario de la lengua española*, Vigésima segunda edición, 2001 (Madrid: Real Academia Española). Cito pola edición en rede: <http://buscon.rae.es/diccionario/drae.htm>.
- Díez Sanjurjo, M. (1906) = M.D.S. [Manuel Díez Sanjurjo]: “Documentos históricos. Allariz”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, 3: 95-97 (Ourense: Comisión Provincial de Monumentos).
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega* (Santiago: Laivento).
- Frazão, A. C. do Amaral (1981): *Novo Dicionário Corográfico de Portugal* (Porto: Ed. Domingos Barreira).
- Frías Conde, X. (2000): “O elemento árabe en galego”, *Revista Galega de Filoloxía*, 1: 157-171.
- González Garcés, M. (1987): *Historia de La Coruña* (A Coruña: Caixa Galicia).
- Houaiss = Instituto Antônio Houaiss (2001): *Dicionário Eletrônico da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Editora Ojetiva Ltda.).
- Hoz, J. J. de (1963): “Hidronimia antigua europea en la Península Ibérica”, *Emérita*, 31: 227-242.
- Lopes, D. (1968): *Nomes Árabes de Terras Portuguesas* (Lisboa: Sociedade de Língua Portuguesa / Círculo David Lopes).
- Lorenzo, R. (1977): *La traducción gallega de la crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. 2. *Glosario* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos ‘Padre Feijoo’).
- Madoz, P. (1845): *Diccionario Geográfico, Estadístico e Histórico de España y sus Posesiones de Ultramar*, s.v. *Almeiras*. Cito pola ed. facsimilar de 1986 (Santiago: Libros Galicia, Edit. Breogán).
- Menéndez Pidal, R (1950 [3ª ed]): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI* (Madrid: Espasa-Calpe).
- Navaza, G. (2003): “Sarmiento toponimista”, en *Actas do I Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas Frei Martín Sarmiento*, Santiago de Compostela, 5-7 de setembro de 2002 (no prelo).
- Nieto Ballester, E. (1997): *Breve diccionario de topónimos españoles* (Madrid: Alianza Editorial).
- Millán González-Pardo, I. (1987): *Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz* (A Coruña: Deputación Prvincial).

- Pensado Tomé, J. L. (ed.) (1973): Fr. Martin Sarmiento: *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- Pensado Tomé, J. L. (ed.) (1975): Fr. Martin Sarmiento: *Viaje a Galicia (1745)* (Pontevedra: Museo de Pontevedra).
- Porto Editora (2002): *Dicionário da Língua Portuguesa Online* (<http://www.portoeditora.pt/dol/>).
- Rivas Quintas, E. (1989): *Lingua galega. Historia e fenomenoloxía* (Lugo: Alvarellos).
- Rivas Quintas, E. (1994): *Lingua galega. Nivéis primitivos* (A Coruña: Laiovento).
- Romero Masiá, A. M. / Pose Mesura, X. M. (1988): *Galicia nos textos clásicos* (A Coruña: Museo Arqueolóxico da Coruña).
- Santamarina, A. (2001) [2ª ed.]: *Diccionario de diccionarios* (Santiago: Fundación Barrié de la Maza)
- Veiga Arias, A. (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego* (Vigo: Galaxia).
- Villar Liébana, F (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la España preromana* (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- Viterbo (1993) = Fiúza, M (ed. crit) [2ª reimp.]: Fr. J. de Santa Rosa de Viterbo: *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e hoje regularmente se ignoram (1798-99)* (Porto-Lisboa: Livraria Civilização).

Fontes documentais:

- Almeida = Iglesias Almeida, E. (1984): *Los antiguos "portos" de Tuy y las barcas de pasaje a Portugal* (Tui: Museo y Archivo Histórico Diocesano).
- Celanova = Andrade, J. M. (1995): *O Tombo de Celanova*, 2 vols. (Santiago: Consello da Cultura Galega).
- Devanceiros = Ferro Couselo, X. (1967): *A vida e a fala dos devanceiros*, vol. I (Vigo: Galaxia).
- Espananedo = Pereira Ferreiro, S. (1979): *El monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadanedo*. Anexo IX de *Boletín Auriense* (Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial).
- FDU = Justo, M. J. / Lucas Álvarez, M. (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela* (Santiago: Consello da Cultura Galega).

- Maia = Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*, (Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica).
- Oseira = Romaní, M. (1990 [vols. I e II], 1993 [vol. III]): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira* (Santiago: Tórculo).
- Ramirás = Lucas Álvarez, M. / Lucas Domínguez, P. P. (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media* (Santiago: Caixa Galicia).
- Ribadavia = Enríquez Paradela, M. C. (1987): *El monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia. Colección diplomática. Anexo VIII de Boletín Auriense* (Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial).
- Rocas = Duro Peña, Emilio (1972): *El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental* (Ourense: Instituto de Estudios Orensanos 'Padre Feijoo').